

**MEMORIA
DO CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS DE KIEL**

Ano 2022

CHRISTIAN-ALBRECHTS-UNIVERSITÄT

Dr. Phil. Facundo Reyna Muniain
Prof. Dr. phil. Javier Gómez-Montero
Romanisches Seminar
Universität Kiel
24098 Kiel, Leibnizstr. 10

*Visto e prace: Prof. Dr. Javier Gómez-Montero,
Director do Centro de Estudos Galegos da Christian-Albrechts Universität de Kiel*



Christian-Albrechts-
Universität zu Kiel
Romanisches
Seminar



**XUNTA
DE GALICIA**



galicienzentrum Romanisches Seminar der Universität Kiel





LEND A

1. CONTEXTO DO LECTORADO DA CHRISTIAN-ALBRECHTS-UNIVERSITÄT ZU ZIEL	5
2. ACTIVIDADE DOCENTE	6
SEMESTRE DE INVERNO 2021-2022	6
Cursos do Prof. Gómez-Montero	6
SEMINARIO DE M.A.: STADT UND LAND IN DER ERZÄHLTEN WELT EMILIA PARDO BAZÁNS	6
SEMINÁRIO DE B.A.: EMILIA PARDO BAZÁN - ERZÄHLUNGEN	6
SEMINARIO DE B.A. COMPLEMENTARIO	6
PROSEMINARIO B.A.: EL IMAGINARIO DE LENGUA Y CULTURA PUENTE EN LAS FRONTERAS DE LA HISPANOFONÍA	7
GALEGO I e II – CURSO INTESIVO DE INICIACIÓN E NIVEL MEDIO	8
SEMESTRE DE VERÁN 2022	8
"Del gallegoportugués al euskera y catalán: Aproximación a una gramática comparada de las lenguas de la península ibérica"	8
CURSO INTESIVO LINGUA E CULTURA GALEGA	9
3. ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DA LINGUA E CULTURA GALEGAS	10
3.1 Celebración do Día das letras galegas	10
3.2 Colaboración co European Center for Minority Issues - ECMI	10
3.3 Ciclo de conferencias linguas no camiño de Santiago	11
3.4 Participación no V Congreso Latinoamericano de Glotopolítica	12
3.5 Día de Galicia no Padroado da Cultura Galega e visita ao Centro Galego de Montevideo	12
3.7 Participación no XIII CONGRESO DA ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS	14
4. DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES	14





1. CONTEXTO DO LECTORADO DA CHRISTIAN-ALBRECHTS-UNIVERSITÄT ZU ZIEL

O Centro de Estudos Galegos de Kiel (CEG) creouse en outubro de 2007, pertence ao Seminario de Linguas Románicas da Universidade Christian-Albrecht (CAU) e está financiado pola Xunta de Galicia. A lectora de galego traballa en permanente coordinación co responsable do CEG, o Prof. Dr. Javier Gómez-Montero. A labor deste organismo é a de achegar a cultura e a lingua galega ao norte de Alemaña. Para isto, ademais dos cursos de lingua e cultura que imparte, a lectora organiza diferentes actividades de difusión e investigación. A cidade de Kiel, localizada á beira do mar Báltico, conta cun dos portos máis importantes de Alemaña, polo que foi o destino de centos de emigrantes galegos nos anos 60 e 70.

A CAU é unha universidade pública e a máis antiga e grande da rexión. Está situada na capital do estado federado Schleswig-Holstein. Os seus puntos principais son a investigación do mar e xeolóxica, a bioloxía molecular e medicina, etc. O seu traballo en ciencias económicas e medicina é recoñecido internacionalmente. En dita universidade ofrécense estudos de diferentes especialidades lingüísticas. A maioría dos alumnos asistentes á materia de galego son estudantes de grao de Filoloxía Portuguesa, Filoloxía Hispánica ou Filoloxía Románica.



2. ACTIVIDADE DOCENTE

SEMESTRE DE INVERNO 2021-2022

Cursos do Prof. Gómez-Montero

SEMINARIO DE M.A.: *STADT UND LAND IN DER ERZÄHLTEN WELT EMILIA PARDO BAZÁNS*

Créditos: 5,0 ECTS

Cita e lugar: Martes de 12:15 a 13:45. En liña.

Número de alumnos/as: 8 alumnas e alumnos

Contido e metodoloxía: Seminario de literatura sobre os contos de Emilia Pardo Bazán.

SEMINÁRIO DE B.A.: *EMILIA PARDO BAZÁN - ERZÄHLUNGEN*

Créditos: 5,0 ECTS

Cita e lugar: Martes de 10:15 a 11:45. En liña.

Número de alumnos/as: 7 alumnas e alumnos

Contido e metodoloxía: Seminario de literatura sobre os contos de Emilia Pardo Bazán.

SEMINARIO DE B.A. COMPLEMENTARIO

Créditos: 5,0 ECTS

Cita e lugar: Mércores de 12:15 a 13:45. En liña.

Número de alumnos/as: 20 alumnas e alumnos

Contido e metodoloxía: Seminario de literatura sobre os contos de Emilia Pardo Bazán.



Curso do Lector:

PROSEMINARIO B.A.: EL IMAGINARIO DE LENGUA Y CULTURA PUENTE EN LAS FRONTERAS DE LA HISPANOFONÍA



Proseminar zur Kultur- und Landeswissenschaft Spanisch: WISEM 2021

"El imaginario de lengua y cultura puente en las fronteras de la hispanofonía"

Do 8:30 - 10:00, LS10 - R.101 vom 24.10.2021 bis zum 6.2.2022

Mehr info:
✉ reynaf@romanistik.uni-kiel.de
📷 [@golegoenkiel](https://www.instagram.com/golegoenkiel)

CIAU
Division Allgemeine Universität zu Kiel

XUNTA DE GALICIA

Universidad de la República Argentina
Instituto de Estudios de la Lengua y la Cultura

Créditos: 2,5 ECTS

Cita e lugar: Xoves de 08:30 a 10:00. En liña.

Número de alumnos/as: 5 alumnas e alumnos

Contido e metodoloxía: Seminario sobre as identidades, representacións culturais, ideoloxías e prácticas lingüísticas en ambientes multilingües en tres fronteiras diferentes en dous continentes.



GALEGO I e II – CURSO INTENSIVO DE INICIACIÓN E NIVEL MEDIO



Galicisch I und II: Sprache und Kultur

(auch Beisprache Unter- und Mittelkurs)

Online und voraussichtlich verblockt

Mehr info
reynaf@romanistik.uni-kiel.de
@galegoenkiel

XUNTA DE GALICIA

CENTRO DE ESTUDIOS GALEGOS

CAU
Christian-Albrechts-Universität zu Kiel

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: De 9:00 a 17:00 (24.02.20 – 28.02.20), aula LS 10-R.134

Número de alumnos estimados: 5 alumnas e alumnos

Contido e metodoloxía: Curso intensivo de lingua galega para o cal os alumnos non deberán ter necesariamentecoñecementos previos de galego. Paralelamente, tratarase de achegar ao alumnado á literatura e cultura galega a través de material diverso.

Sistema de avaliación: Participación e tarefas propostas (10%) e exame final (90%)

Bibliografía: Aula de Galego I e manuais do Proxecto Artello

SEMESTRE DE VERÁN 2022

"Del gallegoportugués al euskera y catalán: Aproximación a una gramática comparada de las lenguas de la península ibérica"

Créditos: 2,5 ECTS

Cita e lugar: Mércores de 12:15 a 13:45 / Mércores de 14:15 a 15:45. En liña.

Número de alumnos/as: 12 alumnas e alumnos



Contido e metodoloxía: O presente curso ofrece unha introdución á lingüística iberorrománica. Buscando sacar provecho do amplo espectro que implican a oferta de estudos do Seminario de Linguas Románicas se procurará contrastar e poñer en relación as diferentes linguas presentes na península ibérica.

Se buscará situar a gramática contrastiva tomando como referencia principal as linguas ofrecidas nos cursos do RS da CAU: castelán, galego, portugués e catalán. Ademais revisarán diferentes aspectos gramaticais como o vocabulario, as consonantes, o artigo, o xénero e número, os pronomes, os verbos, etc. O obxectivo é facer unha aproximación aos fundamentos, a metodoloxía e os obxectivos da lingüística aplicada. A bibliografía teórica se tomará como base para o abordaxe de cuestións prácticas.

Identificar estruturas lingüísticas que presentan contrastividade entre as linguas ibéricas co castelán, para analizar e clasificar de acordo cos diferentes niveis de análise. Finalmente buscará coñecer ao alumnado das vantaxes do coñecemento dunha lingua ibérica para acceder ás linguas próximas.

Bibliografía:

ALVAREZ BLANCO, R., H. MONTEAGUDO, X. L. REGUEIRA. Gramática galega. Vigo: Galaxia, 1995.

ANDRÉS DÍAZ, R. de. Gramática comparada de las lenguas ibéricas, Xixón, Ediciones Trea, 2013.

BADIA, . M.A.M. (1985). Gramática catalana: 1. Madrid: Gredos.

BAGNO, M. e CARVALLO, O. Gramática brasileira para hablantes de español, São Paulo, Parábola Editorial, 2015.

BRIONES, A. Dificultades de la Lengua Portuguesa para Hispanohablantes de nivel avanzado, Madrid, 2001

GARCÍA NEGRONI, M. (coord.). El arte de escribir bien en español: Manual de corrección de estilo, Buenos Aires, Edicial, 2001.

HOLTUS, G., M. METZELTIN e C. SCHMITT. Léxico de Lingüística Románica (LRL). Tübinga: M. Niemeyer, 1988.

NASCENTES, A. (1936). Esbozo de comparación do español co portugués. Anales de la Universidad de Chile, (21), páx. 51-64

SIQUEIRA DE MARRONE, C. Português - espanhol: aspectos comparativos, São Paulo, Editora do Brasil, 1990.

ZUBIRI, I. y E. Euskal Gramatika Osoa, Bilbo: Didácticos, 2002.

Sistema de avaliación: Entrega das traducións semanais propostas na clase (25€) e exame final de tradución (75%)

CURSO INTESIVO LINGUA E CULTURA GALEGA

Créditos: 5 ECTS

Cita e lugar: De 9:00 a 17:00, aula LS 10-R.134

Número de alumnos estimados: 12 alumnas e alumnos

Contido e metodoloxía: Curso intensivo de lingua galega para todo o alumnado, pero focalizado nos e nas estudantes que participan da excusión de verán programada para outubro. Nestas sesións continuarase coa explicación dos aspectos gramaticais e se proporán exercicios orais e estritos para reforzar e mellorar as destrezas. Paralelamente, tratarase de achegar ao alumnado á literatura e cultura galega a través de material diverso.

Sistema de avaliación: Participación e tarefas propostas (10%) e exame final (90%)

Bibliografía: Aula de Galego II e manuais do Proxecto Artello



3. ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN DA LINGUA E CULTURA GALEGAS

3.1 Celebración do Día das letras galegas

Durante todos os curso vinculados coa lingua e cultura de Galicia ponderouse a figura do homenaxeado deste ano, Florencio Manuel Delgado, través da lectura e análise de diversos poemas pertencentes a *Cantarenas* e do estudo da súa biografía.

Como homenaxe e actividade virtual, no marco da pandemia actual, preparouse un vídeo coa participación de alumnos e docentes do seminario de linguas románicas que esta a dispor na páxina web do CEG.



3.2 Colaboración có European Center for Minority Issues - ECMI

Na xustificación da súa fundación entre as funcións do Centro de Estudos Galegos contempla a difusión e apoio de toda actividade desenvolvida no Estado Federal de Schleswig-Holstein vinculada coa lingua e cultura de Galicia. Nese marco a pedido da dirección do ECMI o lectorado ten participado e colaborado nas actividades do centro radicado en Flensburg nas que se foi requirido. Ademais da participación en dúas xornadas sobre diversidade lingüística e minorías europeas representando o galego o lector brindou servizos de asesoramento lingüístico e técnico nos proxectos de investigación nos que se trata o galego. Ao mesmo temo o ECMI ten colaborado co CEG para a organización, divulgación do ciclo de relatorios entorno a diversidade lingüística no camiño de Santiago



3.3 Ciclo de conferencias linguas no camiño de Santiago



Linguas no camiño de Santiago

Sprachen auf dem Jakobsweg

16.05.22
Lenguas minoritarias y la producción Audiovisual: el caso vasco.
Dra. Miren Manias-Muñoz (Euskal Herriko Unibertsitatea)

4.06.22
El camino de Santiago por el país del Euskera hacia Galicia
Iker Lope de Bergara



13.06.22
O teo meu caminhar, cantando pop galego de autora no LIET Internacional
Carolina Rubirosa

20.06.22
Os medios de comunicación e a lingua en Galicia
Lic. Xurxo Salgado (Universidade De Santiago de Compostela)

27.06.22
Procesos sociolingüísticos na Galicia actual
Lic. Martín Vázquez Fernández, MA (Universidade de Vigo)

Coord. Dr. Facundo Reyna-Muniain

Anmeldung und informationen
reynaf@romanistik.uni-kiel.de



3.4 Participación no V Congreso Latinoamericano de Glotopolítica

Entre o 25 e o 27 de xullo de 2022 celebrouse no na Universidade da República Oriental del Uruguai a quinta edición do Congreso Latinoamericano de Glotopolítica (CLaGo). No CLaGo cuxas anteriores edicións contaron coa representación da lingua galega tivo lugar nas universidades de Chile, San Paulo e Hannover. Nesta ocasión, coa presentación do lector dun relatorio sobre o galego como lingua de diáspora a CEG deu continuidade á participación da Universidade de Kiel presentando temas de sociolingüística galega.



3.5 Día de Galicia no Padroado da Cultura Galega e visita ao Centro Galego de Montevideo



Aproveitando a presenza do lector na capital da República Oriental do Uruguai a última semana de xullo do 2022, invitado polas autoridades do Padroado da Cultura Galega participou do acto conmemorativo celebrado no Padroado do Centro Galego de Montevideo. En ambas actividades deuse a coñecer a labor desenvolvida dende o CEG en Kiel. Ademais das autoridades de ambas institucións o lector foi recibido pola delegada de goberno da Xunta de Galicia, Sra. Elvira Domínguez Alonso, que manifestou o seu interese en manter contacto co lectorado na CAU.




3.6 Escrita de mulleres poetas en Galicia

La Poesía Gallega en Femenino
Coloquio con: Dores Tembrás y Yolanda Castaño
Lectura de poemas gallego/alemán con sus
respectivos traductores: Florian Weber y Svenja
Bloom
Moderación: Javier Gómez-Montero



Dores Tembrás



Yolanda Castaño

La poesía gallega goza de especial prestigio en la España actual, Cuenta con una importante tradición medieval y la considerable participación de voces femeninas en su historia desde Rosalía de Castro. En los últimos años han surgido voces muy destacadas que continúan la veta de inspiración rosaliana vinculada a la naturaleza, la lengua materna y la nación, a las reivindicaciones sociales y políticas, a los roles la mujer en la la visa pública y privada.

De estas nietas y bisnietas de Rosalía Castro un libro que acaba de aparecer en Alemania reúne seis voces que han irrumpido en el panorama literario de la península ibérica en los últimos años, vinculando la tradición apuntada a una vigorosa conciencia de vanguardia. Llama la atención la presencia de un enraizamiento en la comunidad familiar, en territorios tanto urbanos como rurales y la acendrada indagación de la propia identidad, así como el compromiso social de su escritura.

Esos temas van a ser profundizados durante el coloquio, al tiempo que se escucharán las voces de dos de las poetas jóvenes más destacadas de la poesía gallega, cuyos poemas están incluidos en dos antologías bilingües de reciente publicación en la editorial Jenior de Kassel. Por una



parte, **Dores Tembrás** en *Voces de Terra / Stimmen der Erde, Seis Poetas Galegas / Sechs Dichterinnen aus Galicien*. Y por outra **Yolanda Castaño** en *Sechs Dichterinnen aus Spanien*.

Fecha y hora: Martes 13 de septiembre, a las 19:00

Lugar: Instituto Cervantes de Hamburgo (Fischertwiete 1, 20095 Hamburg / Chilehaus, Entrada B, primer piso)



Red Europea de Traductores
// Castrillo de los Polvazares



3.7 Participación no XIII CONGRESO DA ASOCIACIÓN INTERNACIONAL DE ESTUDOS GALEGOS

O CEG- CAU Kiel estivo representado no congreso da AIEG na Universidade de Varsovia, que tivo lugar entre o 21 e o 24 de setembro en Polonia, coa participación do lector no panel "Lingua e Migración". O panel estivo compartillado con investigadores do Instituto da Lingua Galega, a Kwansei Gakuin University e a Liverpool University.



Os membros do ILG Henrique Monteagudo, Takeshi Kakiyara e Facundo Reyna-Muniain participan no panel "Lingua e emigración" dentro do "XIII Congreso da AIEG" (@estudiosgalegos).

#AIEG #CongresoAIEG



4. DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES

A divulgación das actividades do CEG de Kiel Lévese a cabo regularmente a través da súa páxina web e do seu perfil de Facebook "Galego en Kiel", o cal facilita a comunicación directa cos estudantes. Do mesmo xeito, publícanse aqueles sucesos acontecidos na actualidade relacionados coa cultura galega que sexan relevantes e certos materiais de interese para o alumnado. Por outro lado,



este centro dispón dunha vitrina no Seminario de Linguas Románicas da CAU que serve de taboleiro de novidades relacionadas coa lingua e cultura galegas e as súas actividades.

No 2022 creouse unha páxina de instagram na que se difundiron todas as actividades do CEG.

